



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA
ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA NOS ALOXAMENTOS
UNIVERSITARIOS CONCERTADOS
CURSO 2006-2007**

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES

NEGOCIADO DE BOLSAS

Pavillón Estudiantes (Campus de Elviña s/n)

15071 - A Coruña

Tel.: 981/167000 Fax: 981/167198

CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NOS ALOXAMENTOS UNIVERSITARIOS CONCERTADOS CURSO 2006-2007

A Universidade da Coruña convoca prazas de aloxamento para o vindeiro curso académico 2006-2007 en réxime de concorrencia competitiva. A presente convocatoria axústase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; bases de execución do orzamento do exercicio 2006 en canto resulte de aplicación, a Lei xeral orzamentaria. As bases son as seguintes:

BASES

I. SOLICITANTES

Poderán solicitar praza de aloxamento nas residencias concertadas coa Universidade da Coruña (Residencia Rialta no Campus da Coruña e Porta Nova I e II no Campus de Ferrol) os/as estudantes que cumpriren os requisitos que se esixen nesta convocatoria (anexo I) e que vaian desenvolver as súas actividades na Universidade da Coruña durante o período lectivo do ano académico 2006-2007.

II. PRAZAS QUE SE CONVOCAN

As prazas que se ofertan nesta convocatoria (número e tipo) son as que se relacionan no anexo II.

III. SOLICITUDES, LUGARES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

• Os impresos de solicitude de praza poderán recollerse no Negociado de Bolsas da Universidade da Coruña (Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña, A Coruña), ou no SAPE do Campus de Ferrol (R./ Dr. Vázquez Cabrera, s/n - Esteiro - Ferrol) e no SAPE do Campus da Coruña, localizado na Zapateira.

- Presentarase unha única solicitude por persoa.

- As solicitudes, xunto coa documentación acreditativa das condicións requiridas que se especifican no anexo III, presentaranse no Negociado de Bolsas, Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña, A Coruña e no SAPE do Campus de Ferrol, Rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n, Ferrol.

- **O prazo de presentación de solicitudes comeza o 5 de xuño remata ás 14 horas do día 11 de xullo de 2006.**

- Se for o caso en que na data de remate do prazo que se sinala, non puidese entregar algún dos documentos que se requiren, este será substituído por unha declaración xurada en que se recolla a información necesaria para a avaliación da solicitude. Teráse en conta que calquera diferenza entre a información que se achegar na declaración xurada e a que se acreditar con posterioridade pola persoa solicitante ou que se comprobe polos servizos administrativos que xestionan esta convocatoria poderá dar lugar á perda do dereito á praza para o curso 2006-2007 e posteriores.

- Os **BAREMOS** que rexerán na avaliación das solicitudes figuran no anexo IV. As persoas solicitantes con discapacidades que afecten á súa mobilidade poderán obter unha puntuación adicional entre 0 e 10 puntos, nos termos que se sinalan neste anexo.

IV. EXCLUSIÓNS

Non serán admitidas as persoas solicitantes que non cumpriren os requisitos que se esixen nesta convocatoria e ademais:

a/ As persoas a quen, no curso 2005-2006, se lle comprobaren discrepancias relevantes entre os datos académicos e/ou económicos que se declaran e os que están nos arquivos da Universidade da Coruña, perderán por iso o seu dereito á praza nos aloxamentos universitarios concertados (prazas subvencionadas).

b/ As persoas que, o día 11 de xullo de 2006, mantivesen cantidades pendentes de pago en concepto de dereitos de aloxamento do curso 2005-2006.

c/ Como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no termo municipal da Coruña (para solicitar a residencia Rialta) ou de Ferrol (para solicitar as residencias Porta Nova I e II).

V. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES, ACEPTACIÓN E FIANZA

- Unha vez que se remate o proceso de avaliación das solicitudes, publicarase a relación provisional de admitidos, onde se explicitará a súa puntuación así como a relación de solicitudes que se excluíron, xunto coa causa que motiva a súa exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de sete días hábiles para achegaren a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren. Posteriormente publicaranse as relacións definitivas de admitidos nas residencias (sen prexuízo do que se establece no quinto apartado da Base IV), a relación de espera e a relación de excluídos.

Todas as listaxes e as relacións a que se refire este punto publicaranse nos taboleiros de anuncios no Negociado de Alumnado e Bolsas e no SAPE da Coruña e no SAPE do Campus de Ferrol.

- Os estudantes que foren admitidos no aloxamento universitario concertado (prazas subvencionadas) da **Residencia Rialta** disporán dun prazo de dez días hábiles para cubriren a folla de reserva da súa praza e entregala, xunto co xustificante do ingreso **de 360 €** en concepto de fianza na conta de Banco Popular núm. 0075-0354-94-0600710753 da Coruña, **ben persoalmente ou a través do fax 981-170002** (identificándose e poñendo un teléfono de contacto), á Fundación M^a José Jove (Residencia Rialta sita na rúa de Laxe, 122 – 15174 - Rutis-Culleredo)

- Os estudantes que foren admitidos nos aloxamentos universitarios concertados (prazas subvencionadas) das **Residencias Porta Nova I e II** disporán dun prazo de dez días hábiles para entregaren á Residencia Porta Nova, S.L. (Rúa Fontemoura, 26 - Ferrol) o xustificante do ingreso de **360 €** en concepto de fianza na conta de Caixa Galicia núm. 2091-0226-20-3040022672.

- A entrega deste xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da persoa solicitante. Esta persoa solicitante deberá, así mesmo, asinar un documento en que acepte

as condicións xerais que rexen o aloxamento na residencia. Se non cumprir algún destes trámites, entenderase que renuncia á praza que se lle concedeu e procederáse a mover as relacións de espera.

A fianza devolverase ao final do curso, agás naqueles casos en que o residente deteriore as instalacións ou a moblaxe do centro, tiver pendentes débedas ou abandone a residencia por decisión propia antes de rematar o curso.

- A asignación dos cuartos aos residentes efectuarase na residencia.
- **Os estudantes que foren admitidos cederán o importe das axudas ás empresas propietarias das residencias co fin de que estas poidan percibilo, deste xeito cumprense os convenios que asinou a UDC e estas empresas.** A Vicerreitoría de Estudantes proporcionará para iso os bonos ou os instrumentos similares a cada bolseiro, quen terá que entregalos cada mes á residencia, de maneira que se constituirán no xustificante do uso correcto da axuda que se lle concedeu.
- O financiamento destas axudas faise con cargo á partida orzamentaria 9870.422D.47000-**Tranferencias correntes a empresas privadas** e con cargo aos orzamentos para o ano 2006 polo importe máximo de 83.998,83 euros (27.999,61 € por mes) para os meses de outubro, novembro e decembro de 2006 e, con cargo aos orzamentos do 2007 por un importe máximo de 167.997,66 euros (27.999,61 € por mes), para os meses de xaneiro a xuño de 2007.

VI- INCOMPATIBILIDADES.

Estas axudas serán incompatibles co aproveitamento doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

VII. PERDA DO DEREITO Á PRAZA

Ademais dos motivos que se recollen no Regulamento de residencias e noutros apartados desta convocatoria, serán motivos de perda do dereito á praza que se conceda os seguintes:

- O atraso no pagamento das cotas de residencia en máis de dous meses nos aloxamentos concertados.
- O feito de realizar calquera tipo de cesión a outra persoa da praza que se lle concedeu.

VIII. PREZOS E PRAZAS QUE SE SUBVENCIONAN

Os prezos das prazas son os que se establecen no anexo V.

A Coruña, 1 de xuño de 2006

ANEXO I

REQUISITOS MÍNIMOS QUE SE ESIXEN PARA SOLICITAR A ADMISIÓN NA PRESENTE CONVOCATORIA

- Como regra xeral, as persoas solicitantes de praza na residencia Rialta, deberán ter o seu domicilio familiar fóra do termo municipal da Coruña, e as persoas solicitantes de praza nas residencias Porta Nova, deberán ter o seu domicilio familiar fóra do termo municipal de Ferrol.
- Os requisitos adicionais son os seguintes:

a) Requisitos económicos:

Serán excluídos desta convocatoria aquelas persoas solicitantes que no período impositivo de 2005 superaren os límites patrimoniais que establece a Orde ECI/1197/2006, de 24 de abril, do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas para os alumnos que vaian iniciar os seus estudos universitarios no curso 2006/2007 (BOE nº 98 de 25 de abril de 2006).

b) Requisitos académicos:

- - Para estudantes de primeiro e segundo ciclo.
- - Para estudantes de terceiro ciclo.
- - Para bolseiros.

- REQUISITOS ACADÉMICOS -

ESTUDANTES DE PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO

1.1. Nova admisión

Como requisito común deberán matricularse na Universidade da Coruña no curso 2006-2007 nalgún dos vixentes planos de estudos de primeiro e/ou segundo ciclo. Os requisitos adicionais son os seguintes:

- a) Os estudantes de primeiro curso (por primeira vez) que acceden á Universidade da Coruña a través das PAAU (Probas de Aptitude para o Acceso á Universidade):
 - Obter 5 puntos como cualificación final das PAAU.
- b) Os estudantes de primeiro curso (por primeira vez) que acceden á Universidade da Coruña sen PAAU:
 - Obter, no último curso realizado, unha cualificación media de 5 puntos, que se calculará co baremo que se sinala no anexo IV para estes estudantes.
- c) Os estudantes de primeiro curso (repetidores) e de segundo e posteriores cursos:
 - Obter, tendo en conta as mellores cualificacións obtidas en cada materia nas convocatorias de febreiro, xuño, unha nota media igual ou superior a 4 (ou 3,5 para os

estudantes de enxeñarías técnicas superiores e enxeñarías técnicas), que se calcula de conforme as seguintes normas:

- A cualificación que se obtén en cada materia terá o equivalente numérico indicado no anexo IV para este conxunto de estudantes, ponderada se for o caso, segundo os créditos de que constar.
- O número de materias/créditos que se terán en conta para calcular a nota media será o seguinte:
 - En caso de planos de estudos organizados por materias, o número de materias será o que corresponda ao curso máis alto en que estivese matriculado en 2005-2006, segundo o que se establece no plano.
 - En caso de planos de estudos estruturados por créditos, o número de créditos que se teran en conta é de 60.
 - Excepcionalmente, nos casos en que os planos de estudos ou a normativa propia da universidade limiten o número de materias ou créditos en que poida estar matriculada a persoa solicitante, o número que se terá en conta para o cálculo da nota media virá dado polo límite que sexa de aplicación.
 - Se a persoa que solicita a praza está matriculada dun número de materias/créditos superior ao que citamos no parágrafo anterior, a media calcularase conforme as materias ou créditos mellor cualificados ata completar o número indicado. Se, pola contra, estivese matriculado dun número inferior, as materias ou créditos que lle faltaren para chegar a el computaranse como "non presentado", para os efectos de cálculo da media.
 - Caso de ter deixado transcorrer algún ano académico sen realizar estudos, os requisitos que se sinalan para o 2005/2006 esixiranse a respecto do último curso que se realizou.

1.2. Renovación de prazas.

Os requisitos mínimos para ser readmitido nos aloxamentos universitarios concertados serán os mesmos criterios que os que se establecen para a nova admisión. Os residentes do curso 2005-2006 que o acrediten debidamente terán concedida praza, sempre que cumpriren o que se establece nesta convocatoria.

ESTUDANTES DE TERCEIRO CICLO

Poderán ser admitidos a trámite como estudantes de terceiro ciclo, para os efectos desta convocatoria:

- a) Estudantes que superasen todas as materias da súa titulación na convocatoria de xuño de 2006 ou anteriores e foren solicitar a súa admisión nalgún dos programas de doutoramento desta universidade que corresponden ao bienio 2006/2008. A admisión nos aloxamentos universitarios concertados destes estudantes estará condicionada á aceptación definitiva destes alumnos nos estudos de terceiro ciclo, e perderán de forma automática, en caso contrario, o dereito á praza.
- b) Os estudantes que estiveren realizando os cursos de doutoramento no bienio 2005/2007 se xa foran admitidos nos aloxamentos universitarios concertados no curso

2005/06, terán dereito á readmisión para o curso 2006/2007, sempre que obtiveren unha cualificación media igual ou superior ao aprobado nos cursos de doutoramento que realizase.

c) As persoas que, tras remataren os cursos de doutoramento, poidan ser consideradas alumnos de terceiro ciclo consonte o que establece o Regulamento de estudos de doutoramento desta universidade.

O feito de aproveitar unha bolsa de terceiro ciclo non modificará á adscrición dos estudantes a este sector.

BOLSEIROS

Serán considerados como bolseiros, para os efectos desta convocatoria, todas as persoas que aproveitaren unha bolsa FPI, FPU, predoutoral da Xunta de Galicia, da Universidade da Coruña ou similar, así como os bolseiros que estean asignados a proxectos de investigación que se realicen en departamentos desta universidade.

Unha vez que finalice o período de aproveitamento da bolsa, e non se poider acreditar a pertenza aos sectores de terceiro ciclo, perderán o seu dereito a praza.

Os bolseiros que estiveren asignados a proxectos de investigación deberán ter unha dedicación mínima de vinte horas semanais.

ANEXO II

RESIDENCIAS CONCERTADAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

-CAMPUS DA CORUÑA-

- Residencia **Rialta** (aloxamento universitario concertado)
Rúa de Laxe, 122 – 15174- Rutis – CULLEREDO
e-mail: rialta@rialta.net
Teléfono: 981-179500
Fax: 981.170002
492 prazas
Cuartos individuais: 131 (sen subvencionar)
Cuartos dobres: 181 (**175 prazas subvencionadas**)
Mixta

-CAMPUS DE FERROL-

- Residencia **Porta Nova I** (aloxamento universitario concertado)
Rúa Fontemoura, 26 – 15400- Ferrol
Teléfono: 981.370648 // 629 888008
Fax: 981-355964
12 prazas
Cuartos individuais: 4 (sen subvencionar)
Cuartos dobres: 4 (**8 prazas subvencionadas**)
Mixta
- Residencia **Porta Nova II** (aloxamento universitario concertado)
Rúa Naturalista López Seoane, 33 – 15400 - Ferrol
Teléfono: 981-359772 // 629 888008
Fax: 981.355964
37 prazas
Cuartos individuais: 3 (sen subvencionar)
Cuartos dobres: 17 (**18 prazas subvencionadas**)
Mixta

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR COAS SOLICITUDES

1.- COMÚN PARA TODAS AS PERSOAS SOLICITANTES

DOCUMENTACIÓN XERAL

- 1) Unha fotocopia do DNI da persoa solicitante e dos membros da familia.
- 2) O certificado de empadramento conxunto da unidade familiar
- 3) As persoas con discapacidade que afecte á mobilidade: certificado da cualificación da minusvalía e o certificado médico oficial (en que se detalle a caracterización, a situación actual e a evolución da discapacidade, así como as súas consecuencias cara á vida cotiá).

DOCUMENTACIÓN ACADÉMICA

- 1) Os alumnos de primeiro curso por vez primeira: fotocopia da tarxeta de selectividade ou certificación académica de FP, ou COU.
- 2) Os alumnos que procedan doutras universidades: certificación académica do curso actual.

DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA (DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR)

- 1) Fotocopia completa da declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) referida ao exercicio 2005 ou solicitude de devolución (anexo II) do ano 2005 que fosen tramitadas pola Axencia Española da Administración Tributaria (AEAT).
- 2) Fotocopias dos recibos da contribución urbana e rústica (catastro) do exercicio 2005, excluída a vivenda habitual.
- 3) Certificacións bancarias dos saldos e dos “xuros” de todas as contas e libretas de aforros da unidade familiar, referidos ao ano 2005.
- 4) Certificación bancaria da valoración patrimonial convalidado o 31 de decembro de 2005 dos fondos de investimentos, accións, letras do tesouro, etc.
- 5) Se non se fixer a declaración da renda, os ingresos deberán acreditarse mediante certificado emitido pola AEAT que reflecta os ingresos e os rendementos do exercicio 2005, ou se non for posible coa seguinte documentación:
 - Os certificados de vida laboral.
 - Os certificados das empresas ou entidades pagadoras que corresponden.
 - Os certificados de prestacións por desemprego.
 - As fotocopias dos xustificantes anuais das pensións.
- 6) A fotocopia do carné de familia numerosa, en vigor no datado 31 de decembro de 2005.
- 7) A fotocopia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador, se for o caso.
- 8) A fotocopia da acta de constitución da sociedade e do imposto de sociedades e resumo anual dos imposto sobre o valor engadido (IVE).
- 9) Fotocopia do imposto sobre o patrimonio.

ESTUDANTES DE 3º CICLO OU BOLSEIROS DE INVESTIGACIÓN

- 1) A certificación académica das cualificacións que se obtiveron ao longo de todos os cursos da carreira, con indicación do número de convocatorias que se utilizaron en cada materia.
- 2) Se se remataren todos os cursos de doutoramento, certificación do acordo do consello de departamento en que se acredite unha dedicación de 20 horas semanais, como mínimo, á realización da tese de doutoramento ou traballo de investigación no departamento.

ANEXO IV

BAREMOS PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A puntuación total será a suma da que obtivo conforme aos criterios académicos (33 %) e aos económicos (67 %) que se especifican de seguido:

1. ESTUDANTES DE PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO

PUNTUACIÓN ACADÉMICA(33%)

a) Estudiantes que van iniciar **primeiro curso:** (por vez primeira)

Estudiantes procedentes de **bacharelato:** a puntuación académica virá dada pola nota final que se obtivo nas Probas de Acceso á Universidade, que combina as cualificacións do bacharelato coa do exame de acceso.

Estudiantes procedentes do **COU:** A puntuación académica virá dada pola nota final que se obtivo nas Probas de Acceso á Universidade, que combina as cualificacións do BUP e COU coa do exame de acceso. En caso de estudantes que procedesen de COU e que non realizasen as PAAU, procederase como en caso dos estudantes de FPPII.

Estudiantes procedentes de **FPPII:** calcularase a media do último curso que se realizase en conta o seguinte cadro:

- Matrícula de Honra.....	10 puntos
- Sobresaliente.....	9 puntos
- Notable.....	7,5 puntos
- Ben	6 puntos
- Suficiente	5,5 puntos
- Suspenso, renuncia ou non presentado.....	2,5 puntos

b.- Estudiantes de **primeiro curso (repetidores) e de segundo e posteriores cursos:**

A puntuación virá dada pola media que se obtiver ao aplicar a seguinte táboa:

- Matrícula de Honra.....	10 puntos
- Sobresaliente.....	9 puntos
- Notable.....	7,5 puntos
- Aprobado	5,5 puntos
- Suspenso, renuncia ou non presentado.....	2,5 puntos

- PUNTUACIÓN ECONÓMICA (67%)

A puntuación económica virá dada pola renda persoal dispoñible (RPD) do solicitante, que se calcula como o cociente entre os ingresos netos totais (despois de impostos) da unidade familiar a que pertence, e un factor de escala variable segundo o número de membros da unidade familiar. Tanto os ingresos como o número de membros refírense ao exercicio fiscal de 2005.

Os factores de escala son os seguintes:

NÚMERO DE MEMBROS	FACTOR DE ESCALA
1	1,0
2	1,8
3	2,5
4	3,1
5	3,6
6	4,0

A partir do sexto membro, o factor de escala obterase engadindo 0,4 unidades por cada membro adicional da unidade familiar.

A equivalencia en puntos é a seguinte:

Con RPD menor de 3.300,00 €	10,0
" " entre 3.300,01 e 3.750,00 €.....	9,3
" " " 3.750,01 e 4.200,00 €.....	8,7
" " " 4.200,01 e 4.650,00 €.....	8,0
" " " 4.650,01 e 5.100,00 €.....	7,3
" " " 5.100,01 e 5.550,00 €.....	6,7
" " " 5.550,01 e 6.000,00 €.....	6,0
" " " 6.000,01 e 6.450,00 €.....	5,3
" " " 6.450,01 e 6.900,00 €.....	4,7
" " " 6.900,01 e 7.350,00 €.....	4,0
" " " 7.350,01 e 7.800,00 €.....	3,3
" " " 7.800,01 e 8.250,00 €.....	2,7
" " " 8.250,01 e 8.700,00 €.....	2,0
" " " 8.700,01 e 9.150,00 €.....	1,3
" " " 9.150,01 e 9.600,00 €.....	0,7
" " por riba de 9.600,01 €.....	0,0

As solicitudes de bolsa que procedan de países estranxeiros poderan consignar os ingresos da unidade familiar na moeda propia do país en que se obteñan. O cálculo do seu contravalor en euros farase aplicando o tipo oficial que dea o resultado menor e que teña a moeda respecto do primeiro día hábil de 2006.

Os servizos diplomáticos e consulares de España no estranxeiro, especialmente as consellarías de educación, informarán e presentarán a axuda necesaria para cubrir correctamente os impresos oficiais de solicitude.

En caso de se producir empate na puntuación global de dous ou máis solicitantes, a orde de prelación virá dada polas rendas persoais dispoñibles ordenadas de menor a maior.

PUNTUACIÓN POR DISCAPACIDADE

Se atendemos ao grao de discapacidade da persoa solicitante e ás súas implicacións para a mobilidade e o desenvolvemento das actividades cotiás, poderáselle conceder unha puntuación adicional entre 0 e 10 puntos, que se sumará a correspondente aos baremos anteriores. Para asignar esta puntuación, a Vicerreitoría de Estudantes poderá requirir os ditames técnicos que considere oportunos, e poderá contar co asesoramento de persoas cualificadas para a avaliación de situacións de discapacidade.

2. ESTUDANTES DO TERCEIRO CICLO E BOLSEIROS DE INVESTIGACIÓN E PREDOUTORAIS

A puntuación será a suma das que se obtivesen segundo os criterios académicos (33 %) e económicos (67 %) que se especifican deseguido:

- PUNTUACIÓN ACADÉMICA

Virá dada pola nota media que obtivese nos estudos de primeiro e segundo ciclo. O valor numérico de cada cualificación é o que se recolle no baremo para os estudantes de primeiro, segundo e posteriores cursos.

PUNTUACIÓN ECONÓMICA E POR DISCAPACIDADE

Aplicarase o baremo que corresponda aos estudantes de primeiro e segundo ciclo.

ANEXO V

PREZOS E PRAZAS QUE SE SUBVENCIONAN

ALOXAMENTOS UNIVERSITARIOS CONCERTADOS

RESIDENCIA RIALTA:

As prazas serán subvencionadas en función da puntuación total conforme aos criterios académicos (33 %) e aos económicos (67 %) da persoa solicitante, e se establecen os seguintes:

*** Prezos por praza (euros/mes)**

SUBVENCIONADOS:

Número de prazas	Nivel	Cuarto individual	Cuarto dobre
25	A	—	54,66 euros
70	B	—	98,21 euros
50	C	—	142,80 euros
30	D	—	186,35 euros

Os prezos das prazas desta residencia non inclúen os consumos individuais de calefacción, electricidade e teléfono, polo que se instalarán contadores individuais e recibos mensuais destes servizos.

RESIDENCIA PORTA NOVA I E II:

As prazas serán subvencionadas en función da puntuación total conforme aos criterios académicos (33 %) e os económicos (67 %) da persoa solicitante, e se establecen os seguintes:

* Prezos por praza (euros/mes)

SUBVENCIONADOS:

Número de prazas	Nivel	Cuarto individual	Cuarto dobre
6	A	—	54,66 euros
10	B	—	98,21 euros
7	C	—	142,80 euros
3	D	—	186,35 euros

Os prezos das prazas destas residencias non inclúen os consumos individuais de calefacción, electricidade e teléfono, polo que se instalarán contadores individuais e recibos mensuais destes servizos.